

PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE
LA MILAGROSA

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN.	3
1.1 DATOS BÁSICOS DO CENTRO.	3
1.2 CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DIXITAL NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.	4
1.3 BREVE XUTIFICACIÓN DO MESMO.	7
1.4 PROCESO DE ELABORACIÓN.	9
2. SITUACIÓN DE PARTIDA.	10
2.1 INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E SERVICIOS DIXITAIS.	10
2.2 FONTES EMPREGADAS PARA A ANÁLISE DAFO.	11
2.3 ANÁLISE DAFO.	14
3. PLAN DE ACCIÓN.	17
3.1 OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS.	18
3.2 NECESIDADES DE EQUIPAMENTO E DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS.	23
4. AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL.	23
4.1 SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN.	23
4.2 PROSPOSTAS DE MELLORA (REVISIÓN).	23
5. DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL.	23

1. INTRODUCCIÓN.

1.1 DATOS BÁSICOS DO CENTRO.

- **Denominación:** CPR Plurilingüe La Milagrosa.
- **Titularidade:** Persoa delegada da "Fundación Visita Domiciliaria de la Medalla de la Virgen Milagrosa".
- **Enderezo:** Av. Barcelona 13, 15706 Santiago de Compostela. A Coruña.
- **Teléfono/ Fax:** 981 520 791
- **Teléfono Móbil:** 609 014 865
- **Correo electrónico:** cpr.milagrosa.santiago@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <https://colexioamilagrosa.gal>
- **Niveis educativos que se imparten:** Educación Infantil e Educación Primaria [Liña 1. Unidades: 9]
- **Horarios:**
 - Horario Xeral: 09:00 – 18:00
 - Horario Lectivo:
 - 09:00h – 14:00h (setembro e xuño)
 - 09:30h – 12:30h / 15:00h – 17:00h (outubro a maio). Os venres a xornada é continuada de 9:00h a 14:00h
 - Horario de comedor:
 - 14:00h – 15:00h (setembro e xuño)
 - 12:30h – 15:00h (outubro a maio)
- **Servizos:**
 - Madrugadores, de 07:45h a 09.30h
 - Tardíos, de 18:00h a 20:00h
 - Actividades extraescolares: de 12:30h a 13:30h/ de 17:00h a 18:00h/ e os venres de 15:30h a 17:30h

- **Instituto adscrito:** I.E.S Eduardo Pondal. Rúa Doutor Maceira 9. Santiago de Compostela
- **Número de profesorado:** 13
- **Número de alumnado no curso 2021-2022:** 203

1.2 CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DIXITAL NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.

O Plan Dixital de centro é un instrumento para mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe dende un punto de vista dixital, é dicir, empregando as TICs, para que o noso alumnado se desenvolva con maior autonomía no mundo actual e se sinta capacitado para realizar as tarefas que se lle presenten.

O noso Proxecto Educativo busca unha formación global en que os valores que perseguimos se consigan utilizando todas as ferramentas de que dispoñemos, tamén as dixitais, por iso que o Plan Dixital é outro pilar no que asentar os anteriores.

O Plan Dixital engloba a toda a comunidade educativa xa que en idades temperás é necesaria a colaboración das familias cos más pequenos para poder acadar os obxectivos propostos no Plan Dixital. Tamén o profesorado é outro actor que necesita progresar na súa formación, actualizándose constantemente no uso das novas tecnoloxías e programas para poder ofrecer unha ensinanza de calidade.

1.2.1 CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAIS DO CONTEXTO DO CENTRO.

O CPR Plurilingüe La Milagrosa trátase dun centro concertado situado nunha zona urbana de Santiago de Compostela. É de liña 1 e escolariza a alumnado dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.

Neste curso escolar hai un total de 190 nenos e nenas matriculados: 54 en Educación Infantil e 136 en Educación Primaria.

O centro está situado no barrio de Santa Marta ao carón do CHUS e do Campus Universitario.

Nos últimos tempos, esta zona experimentou unha gran transformación. A construción de numerosos bloques de vivendas uniron esta parte da cidade co centro urbano, á vez que se multiplicou a súa poboación.

Con máis de tres mil habitantes, o grosor da poboación concéntrase na Avenida de Barcelona que, dende o ano 2006, conecta o Ensanche co Hospital Clínico.

O centro recibe alumnado tanto de núcleos situados no rural (Teo, Ames, Vidán...), como da zona semiurbana (Castiñeiriño, O Milladoiro...), así como do centro da cidade.

Cabe tamén considerar que o noso centro recibe a alumnado do estranxeiro [Venezuela, Paraguai, República Dominicana, Brasil, E.U. de América, Marrocos, Arabia Saudita...]

Predominan as familias de clase media, na que ambos os proxenitores traballan. A lingua empregada maioritariamente é o castelán. As familias inmigrantes representan aproximadamente o 10% do noso centro.

1.2.2 INCARDINACIÓN E CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL AO PROXECTO EDUCATIVO. RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO.

A **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación** establece no seu artigo 121 que o Proxecto Educativo do centro recollerá a estratexia dixital do centro.

Para conseguir o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado así como a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, é necesario que exista unha relación e vinculación directa entre o Plan Dixital e o resto de Plans e Proxectos.

- **Plan Lector.**

Dentro do Proxecto Educativo inclúese un Plan Lector, que á súa vez se concreta na Programación Xeral Anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción de información, en apio da adquisición das competencias básicas.

- **Plan de Biblioteca.**

Dentro deste plan especifícanse actuacións para promover a biblioteca como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. O papel da biblioteca é decisivo na adquisición da competencia ALFIN (alfabetización informacional).

A biblioteca do noso centro conta cun *Expazo Maker* que pretende ofrecer ao alumnado a oportunidade de crear, inventar e aprender. Este espazo dispón de material para facilitar e enriquecer a experiencia creativa e de investigación, incluíndo unha impresora 3D e tres raspberrys.

No curso 2021-2022 púxose en marcha a Radio Escolar, co obxectivo de favorecer a alfabetización mediática e informacional.

- **Proxecto Documental Integrado.**

Cada curso académico promóvese dende a Biblioteca, en coordinación co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa implicación de toda a comunidade educativa, o desenvolvemento dun Proxecto Documental Integrado.

Este PDI abrangue a todos os niveis educativos, dende Educación Infantil ata Educación Primaria, e a diferentes materias: Lingua Galega, Música, Educación Artística, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física...

1.2.3 CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO CURSO 22-23.

Ao inicio de cada curso, dentro da Programación Xeral Anual, concréтанse as distintas actuacións establecidas nos Plans e Proxectos do Centro para ese ano académico.

O Claustro de profesores ten entre as súas competencias, elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do Proxecto Educativo e da Programación Xeneral Anual. A Comisión de Coordinación Pedagóxica debe asegurar a coherencia entre o Proxecto Educativo e a PXA.

1.3 BREVE XUTIFICACIÓN DO MESMO.

O marco lexislativo no que se establece este Plan Dixital é o que segue:

No preámbulo da **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación**, incídese na *necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade educativa. O desenvolvemento da competencia dixital non supón únicamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións [...] Co obxectivo de que o sistema educativo*

adote o lugar que lle corresponde no cambio dixital, inclúese a atención ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado en todas as etapas educativas, tanto a través de contidos específicos como nunha perspectiva transversal, e facendo fincapé na perspectiva de xénero.

O artigo 111, recolle que os equipos directivos do centro promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Dentro da nosa Comunidade Autónoma, o *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, especifica que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeneral anual a través das correspondentes actuacións.

As medidas de actuación relativas ao Plan Dixital, son as establecidas na **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional** pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4 PROCESO DE ELABORACIÓN.

Para a elaboración deste Plan Dixital ao longo do curso 2021-2022, co obxectivo da súa implantación efectiva no curo 2022-2023, formouse un Equipo de Dinamización do Plan Dixital, de acordo co recollido na Resolución do 3 de setembro, e que no caso do noso centro educativo consta de 5 membros.

- Luis Regueiro Frey [persoa titular da dirección].
- David Couceiro Sánchez [coordinador].
- Mónica Quintela Villaverde.
- Judit Varela Álvarez.
- Romina Fachal Rial.

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital recibiu formación do Centro Autonómico de Formación e Innovación [CAFI] a través dun curso en rede, con sesións a través da plataforma cisco webex.

O procedemento a seguir foi:

1. Analizar a situación de partida do noso centro educativo. Para tal fin empregouse o informe SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente.
2. Realizar un diagnóstico. A partir do SEFIE elaborouse un informe sobre Debilidades, Amezas, Fortalezas e Oportunidades [DAFO].
3. Deseñar o Plan Dixital en base a información recollida anteriormente e seguindo a estrutura marcada.

Este Plan Dixital foi aprobado, unha vez oído o claustro no Consello Escolar que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA.

2.1 INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E SERVICIOS DIXITAIS.

2.1.1 INFRAESTRUTURAS

- Tres aulas de Educación Infantil con ordenador e proxector en cada unha delas para o uso do profesorado, ademais de tres portátiles en 5º e en 6º desta etapa.
- Seis aulas de Educación Primaria con ordenador e proxector en cada unha delas para o uso do profesorado.
- Unha aula de informática con 26 ordenadores para o uso do alumnado do centro e unha computadora e proxector para o uso do profesorado.
- Un *espacio maker* de robótica cunha impresora 3D e dous ordenadores.
- Unha sala de profesores con tres ordenadores e unha televisión de 65" con wifi.
- Varios despachos cada un cun ordenador para o uso do profesorado do centro.
- Unha sala multiusos cun proxector e pantalla de grandes dimensíons.
- Varias tabletas para o uso do alumnado, sobre todo de NEAE.

2.1.2 CONECTIVIDADE

O centro dispón de conexión fibra de 600 Mb/s e de dúas redes wifi para a conexión a internet no centro. Trabállase en rede para almacenar os datos do centro e os documentos do profesorado nun NAS que é de uso común.

2.1.3 SERVICIOS DIXITAIS

ALUMNADO

O profesorado do centro utiliza varios servicios dixitais para introducir ao alumnado no uso destas tecnoloxías:

- Aula virtual do centro: Comezouse a utilizar dende o inicio da pandemia de 2020 e pouco a pouco vanse incorporando materiais.
- Plataformas dixitais de cada unha das editoriais empregadas: *edelvivesdigital, smconectados, littlebridge...*
- Correo electrónico corporativo do centro: Cada alumno a alumna dispón dunha conta de correo propia co que comunicarse co profesorado en caso de necesidade ou para facer outros tipos de tarefas.
- Sitios web de fichas dixitais autocorrexibles: *Liveworksheets* e *Wordwall*.
- Vídeos educativos de *Youtube*.

FAMILIAS

- *Tokapp School*: O centro utiliza esta ferramenta dixital para comunicarse coas familias.
- *Abalar móvil* para notificar as faltas e as cualificacións en cada unha das materias.
- *Correo corporativo do centro*: Cada alumno dispón dun correo corporativo (@colexioamilagrosa.gal) co que comunicarse coas familias.


2.1.4 XESTIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPO DO CENTRO

O centro dispón dos servicios da empresa ICASVI CONSULTING S. L. para o mantemento dos equipos informáticos, tanto de software como de hardware e tamén da páxina web e da aula virtual do centro.

2.2 FONTES EMPREGADAS PARA A ANÁLISE DAFO.

2.2.1 INFORME SELFIE

O informe SELFIE refírese ao equipo directivo, profesorado e alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, que foi o que participou no cuestionario.



2.2.2 TEST CDD

O test de Competencia Dixital Docente amosou os seguintes resultados no noso centro. Hai que indicar que o test non se axusta para nada á realidade das etapas educativas que se imparten no colexio.

Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
LS1 - Substituto	0	1	0%
L01 - Laboral	9	13	69,2%

Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación mediado test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competenciaen Galicia
CENTRO	59,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación mediado test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competenciaen Galicia
Infantil	50,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Primaria	63,8	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivelde competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	7	77,8%
Integrador/a (B1)	2	22,2%
TOTAL	9	100 %

2.3 ANÁLISE DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORIAS			
	INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTOS	Infraestructuras, dispositivos dixitais para o ensino, acceso a internet, asistencia técnica, protección de datos, dispositivos dixitais para o aprendizaxe.	
	PERSOAL DOCENTE	<p>Novas modalidades de ensino, avaliación do proceso, debate sobre o uso da tecnoloxía, necesidades de desenvolvemento profesional continuo, intercambio de experiencias.</p> <p>Recursos educativos en liña, creación de recursos dixitais, emprego de entornos virtuais de aprendizaxe, comunicación coa comunidade educativa, adaptación ás necesidades do alumnado, fomento da creatividade. Inclusión do alumnado, avaliación das capacidades, retroalimentación axeitada, G5aurreflexión sobre o aprendizaxe.</p>	Colaboracións, colaboración do alumnado, proxectos interdisciplinares.
	PERSOAL NON DOCENTE	Intercambio de experiencias, recursos educativos en liña, creación de recursos dixitais, inclusión do alumnado.	Colaboración do alumnado.
	ALUMNADO	Dispositivos dixitais para o aprendizaxe, comportamento seguro, comportamento responsable, verificar a calidade da información, aprender a comunicarse.	Outorgar recoñecemento ao traballo dos demás, creación de contidos dixitais.

	FAMILIAS		
	OFERTA	Novas modalidades de ensino.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Estratexias dixitais, desenvolvemento da estratexia co profesorado, novas modalidades de ensino, asistencia técnica.	Colaboracións.
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMENAZAS
CATEGORIAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Existencia dunha boa oferta de actividades de formación. A administración educativa apostou polo Plan Dixital.	Aportación de recursos económicos e materiais demasiado estandarizados e pouco efectiva. Problemas de seguridade na rede. A administración non ofrece unha formación específica e/ou en bos formatos para o profesorado. Dificultade e lentitude de acceso aos servizos técnicos e de mantemento. As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden a non ter resposta positiva. Falta de tempo do profesorado para investigar metodoloxías baseadas nas tecnoloxías.
	LEXISLACIÓN		O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais . A constante modificación de currículos complica a

		innovación e a implementación na aula con estratexias convxuntas de aprendizaxe, e dificulta a súa consolidación.
CONTORNA		Outros centros da contorna de influencia que teñan máis opción de formación e máis recursos tecnolóxicos.
ANPA	ANPA receptiva a colaborar cas distintas iniciativas do colexio a realizar con Tecnoloxía Dixital,	
FAMILIAS	Alumnado con boa predisposición tecnolóxica. Concienciación dos colectivos implicados da necesidade da evolución cara a dixitalización e actuación do sistema educativo.	Baixa competencia dixital das familias. Baixo nivel no uso efectivo das TIC e de recursos nos fogares do alumnado. Infraestructuras con deficiencias nas casas do noso alumnado.
CENTRO EDUCATIVO	Boa conexión a internet. Boa actualización e mantemento das infraestructuras por parte do centro educativo. Concienciación dos colexios implicados da necesidade da evolución cara a dixitalización e actualización do sistema educativo. As ferramentas corporativas.	O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades. Escasa participación do profesorado en redes como e-twinning.

3. PLAN DE ACCIÓN.

Para escoller os obxectivos do noso Plan Dixital fixámonos nas nosas carencias segundo os resultados do SELFIE para mellorar estes aspectos.

- a) O primeiro obxectivo de prácticas da avaliación foi plantexado e escollido porque non realizamos ningunha proba dixital de avaliación, agás nos cursos de formación, e consideramos que é unha necesidade comenzar con este tipo de probas xa que facilita tamén o proceso de avaliación para o profesorado.
- b) O segundo obxectivo, crear canles de comunicación entre o profesorado, cremos que é necesario xa que na nosa rutina diaria non temos un soporte no que plasmar os nosos contidos didácticos, e cremos que unha vez os teñamos nun sitio común, será un principio para establecer unha interdisciplinariedade, apoio e novas conexións entre os docentes.
- c) O último obxectivo proposto, fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais, foi escollido xa que o noso centro leva a cabo un proxecto interdisciplinar anual polo que consideramos que é proveitoso para traballar nel de forma dixital nalgúnha das súas actividades.

3.1 OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS.

Área/s de mellora: Ítem G1. Prácticas de evaluación.					
OBXECTIVO:	Utilizar a Aula Virtual ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de evaluación en liña en educación primaria. (G1. Evaluación das capacidades)				Acadado
					Non acadado
RESPONSABLE:	Profesorado das áreas implicadas. Coordinador TIC.				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de profesores que elaboraron probas na AV.				
Valor de partida	0% do profesorado				
Valor previsto e data	Creación de diferentes probas empregando as ferramentas da Aula Virtual por parte do 75% do profesorado de Educación Primaria.				Curso 2022/23
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Matrícula do alumnado na AV Moodle do centro.	Coordinador TIC	Setembro 2022	AV Moodle.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

AO1.2 Formación sobre probas en Aula Virtual para avaliar ao alumnado: Tipoloxía de preguntas. Bancos de preguntas. Categorías e subcategorías. Importación e exportación. Creación e xestión de probas.	Coordinador TIC	Outubro / Novembro 2022	AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3. Creación de preguntas de diferentes tipoloxías e categorización das mesmas en bancos de preguntas dentro dos cursos.	Profesorado	Novembro / Decembro 2022	AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4. Creación de probas en entorno Moodle.	Profesorado	Decembro 2022	AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5. Emprego das ferramentas de avaliação da Aula Virtual na práctica.	Profesorado	Xuño de 2023	AV Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Ítem B3. Colaboración e redes					
OBXECTIVO:	Crear canles de comunicación dixitais entre o profesorado de educación primaria.				Acadado Non acadado
RESPONSABLE:	Xefe de estudos e coordinador TIC				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Grao de utilización dun arquivo na nube onde se comparten os contidos de cada materia en Educación Primaria. Nivel de cambio na orde dos contidos / de referencia a outras materias				
Valor de partida	0% de participación do profesorado.				
Valor previsto e data	100% de participación do profesorado.			Remate do curso 2022/23	
ACCIONES A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Creación do documento na nube e formación ao profesorado do centro sobre o seu uso.	Coordinador TIC.	Setembro/Outubro 2022	Conta de Gmail para cada un dos profesores.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Posta en funcionamento do documento	Profesorado de primaria	Setembro/Outubro 2022	Dispositivos informáticos (ordenador/tablet/móvil)		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Ítem F6. Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais

OBXECTIVO:	A totalidade do alumnado de primaria participa nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso. (*F6: Proxectos interdisciplinares)	Acadado			
		Non acadado			
RESPONSABLE:	Dirección do centro / Xefatura de estudos				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	N.º de cursos participantes nun proxecto interdisciplinar anual.				
Valor de partida	0% cursos participan nun proxecto interdisciplinar anual con un(s) apartado(s) dixital.				
Valor previsto e data	100% dos cursos participaron nun proxecto interdisciplinar anual.	Fin de curso 2022/23			
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1: Acordo de participación e concreción do proxecto.	Director do centro.	Setembro2022.	Equipos e aplicacións informáticas.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

AO3.2: Difusión das actividades do proxecto na páxina web/blog da biblioteca	Persoa responsable dapáxina web/blog.	Actualización regular.	Equipos informáticos. Web/Blog do centro.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Profesorado de cada curso	Final de curso	Equipos informáticos	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.4: Obtención de produtos finais TIC.	Profesorado de cada curso	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

3.2 NECESIDADES DE EQUIPAMENTO E DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS.

O noso centro dispón dun bo equipamento e boa infraestrutura tecnolóxica xa que dende hai uns anos apostouse por ter uns bons equipos informáticos cos que realizar as tarefas dixitais así como por unha boa rede de fibra (600Mb/s) e de WiFi.

Sen embargo, estamos abertos a calquera subvencións que a administración nos poida aportar para mellorar en este aspecto.

4. AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL.

4.1 SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN.

Para facer un seguimento do Plan de Acción levaremos a cabo unha avaliación procesual, unha ou varias veces ao trimestre segundo sexa necesario e atendendo ás datas de realización dos obxectivos intermedios do Plan de Acción, co fin de comprobar se se están a cumplir os prazos e, de non ser así, analizar o porqué da non consecución e adaptalos á nova realidade.

4.2 PROSPOSTAS DE MELLORA (REVISIÓN).

Para revisar o Plan Dixital levaremos a cabo unha avaliación final ao rematar o curso atendendo aos indicadores e o valor previsto de cada un dos obxectivos, co fin de adaptar os anteriores se é que non se lograron e/ou de avanzar no proceso de dixitalización do centro/profesorado/alumnado.

5. DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL.

O Plan Dixital será publicado na páxina web do centro para dar a coñecer os obxectivos e finalidades a acadar ao longo do curso académico.